

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 31 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a relación de escolas de arte e superiores de deseño autorizadas para impartir ciclos formativos plurilingües (PluriArt), así como os ciclos formativos autorizados, para o curso 2024/25.

Mediante a Resolución do 24 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, establécense as bases para o desenvolvemento dos ciclos formativos plurilingües nas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (PluriArt) para o curso 2024/25 (DOG núm. 128, do 24 de xuño de 2024), e establécese a convocatoria para as escolas de arte e superiores de deseño que desexen impartir estes ciclos plurilingües no curso 2024/25.

O punto décimo terceiro da antedita Resolución do 24 de xuño de 2024 establece que a directora xeral de Formación Profesional ditará unha resolución que conterá a relación de escolas de arte e superiores de deseño e ciclos autorizados, e que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar a relación de escolas de arte e superiores de deseño autorizadas para impartir ciclos formativos plurilingües (PluriArt) no curso 2024/25, así como os ciclos formativos autorizados.

Segundo. Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2024

María Eugenia Pérez Fernández
Directora xeral de Formación Profesional



ANEXO

Escolas de arte e superiores de deseño autorizadas para impartir ciclos formativos plurilingües (PluriArt) no curso 2024/25 e ciclos formativos autorizados.

| Código | Escola de arte e superior de deseño | Ciclo | Idioma |
|----------|-------------------------------------|--|--------|
| 15005506 | EASD Pablo Picasso | Dourado, Prateado e Policromía (ciclo formativo de grao superior) | Inglés |
| | | Ilustración (ciclo formativo de grao superior) | Inglés |
| 27006589 | EASD Ramón Falcón | Fotografía (ciclo formativo de grao superior) | Inglés |
| | | Serigrafía artística (ciclo formativo de grao medio) | Inglés |

